

O Goberno da Xunta “desaparece” diante dos problemas do agro galego



Durante o verán, os problemas do agro galego multiplicáronse. Aos xa habituais nesta época do ano, como a loita contra os incendios forestais -que desta vez sufriu drásticos recortes orzamentarios-, houbo que sumar unha das peores secas das últimas décadas, o impago de empresas leiteiras, prezos de miseria para as producións hortícolas, ameazas de adegas de non recoller a uva, incremento exponencial

dos ataques da fauna salvaxe sobre as explotacións, abusos de empresas e grandes distribuídoras, denuncias de forestacións ilegais de terras, etcétera. A resposta da Consellaría de Medio Rural a estes problemas da súa competencia foi sempre a mesma: non facer nada. O peor é que cando fixo algo, fíxoo a favor das industrias, como acontece nas propostas legislativas que teñen que ver coa terra e coa ordenación do territorio.

O Foro de Krems senta as bases para traballar pola soberanía alimentaria en Europa

Entre o 15 e o 21 de agosto, 120 organizacións de 34 estados europeos estiveron reunidas na cidade austríaca de Krems para debater sobre a soberanía alimentaria e deseñar estratexias para avanzar cara á súa implantación no

vello continente. Por parte do Sindicato Labrego Galego, asistiron Lidia Senra e Isabel Vilalba. Deste xeito, deuse continuidade á loita global pola soberanía alimentaria iniciada no Foro de Nyéléni en Mali, no ano 2007. **Páx. 13**





Edita: Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García Rodríguez

Consello Editorial:

Carne Freire, Isabel Vilalba,
Manuel Docampo e Xabier
Gómez Santiso.

Colaboracións: Antonio
Ferreiro, Lidia Senra, Xabier
Gómez Santiso, Manuel Docampo
e Fefi Lama Gayoso.

Deseño e maquetación:

Xosé García Rodríguez

Sede da redacción:

Ofelia Nieto nº 13-23
Santiago de Compostela

Tif: 981 580449

Fax: 981 572570

www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixorfrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 554 147
COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixorfrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 588 532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
SANTA COMBA - R/ Lugo nº 19,
entrecán 1º esquerda. Tif. 981 880 909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.
Tif. 981 682908
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º. Tif: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tifno. 981 789 781
SAN SADURNINO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
O BARCO - Casa sindical
Tif. 988 321511 / Fax: 988326723
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,
Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988
590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.
Tif. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,
entrecán B. Tif. 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISSTI/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.
982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Avda. Fernández Del Riego,
5 - 1º C. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrecán E. Tif/Fax: 982 331 714
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
LALÍN - R/Arenal nº1, entrecán 3. Tif.
986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal
1ªA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matin nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 718 526

2 / Sumario

nº 288
Verán de 2011



Editorial

- Unha reforma da Constitución para dismantelar os poucos servizos que quedan no rural.....3

Galiza



- A Xunta abandona ao agro galego nunha das peores secas dos últimos anos.....4/5
- Mercado e páxina web para reclamar a soberanía alimentaria para Galiza.....7
- A Xunta quiere privar ás explotacións agrogandeiras dos 170 millóns de euros do PDRS.....8
- A IX Romaría das Encrobas destacou o papel fundamental das mulleres nas loitas labregas.....9
- Alegacións do SLG contra o canon da auga.....10
- Rolda de contactos dos partidos políticos para rematar cos abusos das industrias e das distribuidoras.....10

Aldea Global

- Foro de Krems: 20 organizacións de 34 estados apostan pola soberanía alimentaria en Europa.....12/13



Sectores Gandeiros



- Apoio firme do SLG á marca Ternera Gallega como diferenciación da carne de vacún galega.....14
- O SLG defende en Bruxelas un sector lácteo no que haxa control sobre a produción e os mercados.....14
- A presión do SLG fai que Lácteos Tambre se comprometa a pagar antes do 31 de decembro.....15

Sectores Agrarios

- Perigan as explotacións de seis parroquias de Verín polos atrasos da parcelaria.....17
- O SLG non tolerará baixadas de prezos nesta vendima..18
- A horta galega ao límite polos prezos de miseria en agosto..18



Montes

- Propostas legislativas para pasto do lume e das industrias.....19



O Fouce está cofinanciado pola:



Mulleres

- A Secretaría das Mulleres animará ás labregas a inscribirse como cotitulares.....21



Unha reforma da Constitución para desmantelar os poucos servizos que quedan no medio rural

O Sindicato Labrego Galego manifesta a súa oposición ao acordo acadado entre o PSOE e o PP para limitar, desde a Constitución Española, o déficit e a débeda pública, tanto polo contido como polas formas en que o fixeron.

En primeiro lugar, parécenos totalmente antidemocrático introducir unha reforma de tal calado do xeito que pretenden facelo. A democracia non consiste só en votar cada catro anos; consiste tamén en dar participación e voz á cidadanía; en deixarnos a capacidade real, como electores e como electoras, de poder depositar o noso voto, se así o consideramos, en favor de alternativas que queiran mudar o sistema, apostando por políticas a favor da cidadanía e non do capital especulativo, como sucede na actualidade.

Este acordo supón darlle rango constitucional ao neoliberalismo, que como podemos recordar, xa era o obxectivo trazado na Constitución Europea, motivo polo que foi rexeitada amplamente pola cidadanía francesa. Se cadra, este é o precedente que anima a PP e a PSOE a atreverse coa reforma da Constitución deste xeito, evitando o debate e o pronunciamento da cidadanía a través dun referendo, nun momento no que o nacemento do 15 M pon de manifesto unha conciencia cada vez maior en contra dos impactos destas políticas.

Estamos falando dunha reforma de parte, dunha reforma que só lle interesa aos gurús do capitalismo especulativo (banca e grandes compañías transnacionais), e que consiste en limitar o gasto público e a débeda pública. Esta reforma vai significar unha forte redución das prestacións sociais e dos servizos

públicos, o cal favorecerá o negocio privado nas pensións, na educación, na sanidade, na atención ás persoas con dependencia, etcétera, provocando un endebedamento aínda maior nas familias, un empobrecemento xeneralizado das clases populares, e un risco de maior exclusión social dos sectores máis empobrecidos da sociedade.

No SLG entendemos que esta reforma da Constitución é tremendamente negativa para as clases populares en xeral, pero que vai selo especialmente para o medio rural galego: un medio rural no que os servizos públicos xa son menores; un medio rural no que xa vimos soportando os efectos e os impactos da privatización dos servizos de atención ás explotacións; un medio rural cunha poboación dispersa e moi envellecida; un medio rural no que asistimos á eliminación do ensino secundario obrigatorio nalgúns concellos, obrigando aos nenos afectados e ás nenas afectadas a desprazarse aínda máis para rematar o ESO,

provocando o peche de comedores escolares, e reducindo drasticamente o número de profesores e profesoras, recortes que xa van afectar de cheo ao curso que comeza. Non é difícil imaxinar o escenario que se avexina para o futuro inmediato do medio rural galego, tanto en educación como en sanidade ou en atención ás persoas dependentes.

Por outra banda, o Sindicato Labrego Galego denuncia a grande demagogia que se esconde detrás do argumento de que non se pode gastar máis do que se ten. A realidade é que o erario público está minguado porque foi, e segue a ser, vontade política dos gobernos neoliberais privatizar empresas públicas que xeraban ingresos e beneficios, reducir impostos a quen máis capacidade ten para pagalos, permitir paraísos fiscais, ou seguir favorecendo os intereses do capital especulativo en detrimento dos dereitos das persoas, tal e como demostra este acordo entre o PP e o PSOE.



A Xunta abandona ao agro nunha das peores secas dos últimos anos

Un estudo realizado polo SLG amosa que os gastos disparáranse a máis de 6.000 euros por explotación

A mediados de xullo, o Sindicato Labrego erguía a voz de alarma, coa publicación dun informe, diante do tremendo impacto que a seca dos últimos meses está a ter nas explotacións

agrogandeiras galegas. Nese intre, o SLG esixíalle á Consellaría de Medio Rural a creación, de xeito inmediato, dunha liña de axudas directas destinadas a paliar as perdas producidas

pola seca nos diversos sectores. Para o conselleiro Juárez a crise non debe ser suficientemente importante pois, a día de hoxe, non moveu un dedo para tratar o problema.

En efecto, e a pesares da urxencia do chamamento do Sindicato Labrego Galego, ao peche deste Fouce (dous meses despois) non houbo resposta por parte da Consellaría de Medio Rural. Nin sequera unha declaración institucional, e moito menos a activación de medidas para minguar a situación crítica pola que están a atravesar as explotacións.

Diante desta falta de reacción, no Sindicato Labrego deducimos que a decisión do departamento que dirixe Samuel Juárez foi, unha vez máis, a de abandonar aos labregos e labregas á súa sorte ante unha das peores crises que están a sufrir todos os sectores agrarios e gandeiros de maneira xeneralizada en toda Galiza.

Por iso, o Sindicato Labrego segue a esixir que, de xeito inmediato, a Consellaría de Medio Rural dea unha resposta efectiva e urxente a esta problemática que, necesariamente, deberá traducirse en axudas directas que atenúen a forte perda de rendibilidade que están a padecer as nosas explotacións.

■ Medidas a longo prazo

A maiores, e máis a longo prazo, o SLG facía un chamamento para empezar a aplicar en serio, desde os distintos gobernos, políticas destinadas a diminuír a emisión de gases con efecto invernadoiro, que están provocando cambios no clima que resultan catastróficos para o medio ambiente e para a produción de alimentos en todo o mundo, incluída Galiza.



A cebola, xunto coas patacas, foi un dos cultivos máis afectados no sector hortícola pola seca, que provocou reducións importantes do tamaño dos bulbos e no balance final das colleitas

Neste contexto, para o Sindicato Labrego Galego tamén é necesario un cambio de rumbo nas políticas agrarias actuais, totalmente baseadas nun consumo

enerxético e químico masivo e culpable dunha parte importante das emisións de CO₂ á atmosfera, e apostar por un modelo agrícola máis centrado nos mercados

loais, na venda directa, no consumo de produtos de tempada, e en labores culturais respectuosos co medio ambiente e coa saúde das persoas.

Diminucións de até o 50% na herba para ensilar e sen pastos ao aire libre

Ao incremento continuado dos custes que están a sufrir as explotacións agrogandeiras de toda Galiza (butano, gasóleo, electricidade, pensos, abonos, etcétera) vanse unir este verán as perdas provocadas pola seca.

O mes de xuño resultou ser un dos máis secos da década, con rexistros como os das estacións meteorolóxicas de Lugo, con 1'8 litros/m² en 2011 fronte aos 123'8 litros/m² do 2010; de Verín, con 4'2 litros/m² en 2011 fronte aos 90'5 litros/m² do 2010; ou Mabegondo (A Coruña), con 12'6 litros/m² en 2011 fronte aos 117 litros/m² do 2010)1, por

só citar os datos de tres estacións meteorolóxicas galegas.

O impacto fundamental da escasa choiva caída nos últimos meses viuse reflectido na segunda corta de herba para ensilar, con diminucións de até o 50% en moitas explotacións; na imposibilidade de facer pastoreo ao aire libre no meirande de praderías, que están secas dende comezos do verán; e no perigo de perder a colleita de millo forraxeiro, que é a fonte de alimentación de gando que dá máis materia seca dixerible por hectárea.

Unha explotación media de leite perderá até 8.000 euros

As explotacións de carne e leite veranse na obriga de mercar a alimentación para o seu gando. Agora mesmo, mércase alfalfa a uns 215 €/tonelada, e palla a uns 78 €/tonelada. O penso aínda é máis caro. Para unha gandería media de 35 vacas de carne, o gasto a maiores para alimentar a facenda será duns 6.000 euros. Para unha gandería media con 37 vacas de leite, o gasto a maiores ascenderá a uns 8.000 euros.

Para Adolfo Cabarcos, “estes novos custes extraordi-



narios provocados pola seca farán minguar de xeito dramático as maltreitas rendas das nosas explotacións”.

Perdeuse boa parte da colleita de pataca sementada en abril

Os cultivos hortícolas tamén se van ver seriamente afectados por mor da seca, especialmente aqueles que, pola súa extensión, carecen de regadío e dependen da choiva para saír adiante.

Neste senso, o cultivo máis afectado será o da pataca. Mentres que a sementeira de marzo saíu para adiante, perdeuse boa parte da pataca sementada en abril, que ás penas logrou xermolar. A maiores, a cebola vai ver moi minguado o seu tamaño e peso por mor da seca, o que



se traducirá nunha considerable mingua da produción que, segundo as zonas, chegará ao 50%.

Miles de euros para aumentar regas na pataca da Limia

Na bisbarra da Limia, onde as explotacións de pataca contan con modernos sistemas de regadío, incrementaron moito os gastos de gasóleo, electricidade e fitosanitarios. Manola Cerredelo explica que tiveron “que dobrar as regas. Se nunha campaña normal abonda con tres, este ano imos dar seis; e cada rega supón un gasto de 150 euros por hectárea debido ao consumo de gasóleo ou de electricidade”. Os gastos globais na Limia aumentarán uns 4.000 euros en explota-



cións medias cunhas 15 hectáreas, e de 8.000 euros para as explotacións máis grandes cunhas 30 hectáreas.

Case 800 alegacións contra as minas da Terra Chá na Pastoriza e Cospeito



A coordinadora do SLG na Terra Chá, Margarida Prieto, primeira pola esquerda, foi das principais dinamizadoras da recollida de alegacións

Despois de que a Comisión contra as Minas na Terra Chá presentase, ante o Concello de Cospeito, case 600 alegacións contra os proxectos de explotación de cuarzo de Erimsa “Alicia 5917” e “Karles 5519”; e tras rexistrar outras 150, o 30 de agosto, no Concello da Pastoriza en contra das explotacións “Alicia 5917” e “Pastoriza 5562”, o Sindicato Labrego Galego ten que valorar como moi boa a resposta da veciñanza.

Cómpre ter en conta que o período de alegacións se abriu no peor mes do ano, agosto, por mor da ralenti-

zación da actividade administrativa nos concellos e polo aumento considerable dos traballos agrarios, o cal dificulta a presentación de alegacións por parte das explotacións agropecuarias afectadas. A pesares disto, as familias e explotacións afectadas polos proxectos mineiros de Erimsa responderon de xeito contundente para defender e salvaguardar os seus dereitos.

Por outra banda, grazas a peticións do Sindicato Labrego, tanto en Cospeito como na Pastoriza, se ampliou o período de alegacións.

Indignación ante o peche dos últimos xornais diarios que publicaban en galego

O SLG expresou a súa indignación diante do peche de Galicia Hoxe e Xornal, que seguiron a outros medios de expresión redactados en galego (no caso de Xornal, a nosa lingua ocupaba o 50%) e cunha liña editorial alternativa como A Nosa Terra, Vieiros, A Peneira ou GZ Nación. Todos eles botaron o peche nos primeiros anos de mandato de Núñez Feijóo.

Desta maneira, a Xunta

amordaza a xornalistas, articulistas e temáticas que lle resultaban incómodas. Está claro que o Goberno de Feijóo prefere unha Galiza na que só teña voz o pensamento único do neoliberalismo, e unha prensa escrita que só fale nun idioma: o castelán. Dende a ditadura franquista, o galego a e a liberdade de expresión non recordan unha agresión tan brutal, premeditada e destrutiva.



A xefa de Servizos de Estudos e Investigación de Enesa, Pilar Tejedo centrou a súa intervención en seguros relacionados coa produción de leite e de carne

Xornada divulgativa sobre seguros agrarios en Lugo con Enesa e Agroseguro

O pasado 9 de xuño, Agroseguro celebrou en Lugo unha xornada divulgativa sobre seguros agrarios na que participaron numerosos labregos e labregas de comarcas como Sarria, Becerreá, A Fonsagrada, Chantada, Meira, Vilalba, A Mariña e Lugo.

En primeiro lugar, **Pilar Tejedo**, xefa de Servizos de Estudos e Investigación na Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa), falou da liña de seguros 102 e 185 e dos requisitos necesarios para contratar, custes das pólizas e indemnizacións ás que dan dereito, tanto para producións de leite como de carne. Fíxose fincapé en que gandeiros e gandeiras deberían esixir aos tomadores información sobre o que realmente están interesados en asegurar e coñecer minuciosamente as condicións do contrato de seguro, sen necesidade de asegurar riscos innecesarios que lle supoñan un maior custe nunhas cober-

turas non axeitadas.

Pola súa banda, **Pablo Resco**, en representación da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), analizou o custe das pólizas de accidentes 102 e 185.

Resco deu unha explicación minuciosa do xeito en que están subvencionadas as pólizas, do tipo de subvencións que se lle aplican a cada caso, dos cálculos das mesmas e dos requisitos para optar a unha subvención que cubra a póliza. A maiores, fixo unha comparativa de custes entre as liñas 102 e 185 e explicou as principais diferenzas entre elas.



O director territorial de Agroseguro na Galiza, Ramón Martín, tamén participou na xornada formativa á que asistiu persoal técnico e afiliación do SLG

Finalmente, o director territorial de Agroseguro na zona noroeste, **Ramón Martín**, explicou a metodoloxía e criterios de traballo que Agroseguro desempeña na xestión das pólizas, e fixo especial fin-

capé no labor do persoal técnico (peritacións) desta agrupación, aclarando que son profesionais independentes e que a súa metodoloxía de traballo é transparente, obxectiva e común en criterios.

Mercado e páxina web para reclamar a soberanía alimentaria para Galiza

O SLG impulsa a venda directa de alimentos cunha feira e un portal electrónico para as explotacións

O Sindicato Labrego Galego iniciou setembro con dúas iniciativas enmarcadas na reivindicación da soberanía alimentaria para Galiza: un mercado de produtos labregos que se celebrou,

o pasado 4 de setembro, no paseo central da Alameda de Compostela; e a posta en marcha da páxina web "Alimentos labregos". En palabras de Carme Freire, ambas accións, máis

alá do seu carácter de intercambio comercial, tiveron "un mercado carácter político e reivindicativo enmarcado na reclamación da soberanía alimentaria para Galiza".

Unha trintena de afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego acudiron, o domingo 4 de setembro, a Compostela, para vender directamente os seus produtos á xente que se achegou até a Alameda. Hortalizas e froitas de tempada, viños e licores, mel, marmeladas, queixos, fariña, pan, zumes, froitos secos, legumes, doces, ovos, e un longo etcétera, puidéronse atopar nos postos de venda que, antes de chegar á hora de peche, ás 14:30, xa tiñan rematado no meirande as súas existencias.

O evento, amais de achegar os alimentos producidos polas explotacións directamente á xente, sen intermediarios, serviu para reivindicar a soberanía alimentaria para Galiza.

■ Acto de resistencia no marco da soberanía alimentaria

En canto á valoración final do evento, a secretaria xeral do SLG, Carme Freire, afirmou que "estamos moi contentos e contentas, xa que a resposta cidadá foi moi boa. A xente que compra alimentos e quen os producimos témolo claro; agora, só fai falla que quen nos goberna tome nota disto, e que lexisen e fagan políticas para facer posible que todas as persoas que lle queiran comprar directamente produtos ás explotacións labregas, e que queiran consumir alimentos sans e producidos localmente, poidan facelo".

Respecto do desenvolvemento do mercado, Carme Freire declarou que o merca-



O mercado de alimentos labregos de Compostela foi todo un éxito, e os postos esgotaron todas as existencias antes da hora de peche

do "serviu para constatar que a cidadanía está cada vez máis de acordo con que ten que haber un cambio de rumbo nas políticas agrarias e na política alimentaria. Toda a xente nos está dicindo que lles gustaría poder ter a oportunidade de poder comprar a diario estes produtos, como alternativa aos alimentos producidos industrialmente e comercializados

por grandes distribuidoras; e nós, amais de persoas que tamén nos alimentamos, como labregos e labregas, reclamamos que haxa un cambio de rumbo nas políticas agrarias para que poidamos ter o poder de decidir que é o que comemos, que é o que producimos, a quen lle compramos os alimentos, e saber como se produce o que levamos á boca".



Portal electrónico para facilitar o contacto entre explotacións e a cidadanía

Nunha rolda de prensa celebrada dous días antes do mercado, fíxose a presentación en sociedade dunha nova páxina web: www.alimentolabrego.org

A secretaria de Desenvolvemento Rural do Sindicato Labrego Galego, Ana Rodríguez, explicou que a páxina web nace coa intención de xuntar nela, de aquí a finais de ano, a todos os afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego que aínda fan venda directa, e que poden ser máis de 200 persoas.

Non se trata dunha páxina na que se poidan facer pedidos a través de Internet, senón dun portal electrónico no que cada explotación vai ter o seu espazo para explicar quen traballan nela, que producen e de que xeito o fan, en que lugar se atopan e como se pode establecer contacto con eles para que as persoas interesadas poidan coñecer directamente aos produtores e produtoras, a terra na que traballan, e mercar os seus produtos.

A Xunta quiere privar ás explotacións agrogandeiras dos 170 millóns do PDRS

Os plans iniciais da Consellaría de Medio Rural prevén gastar o 25% do diñeiro no sector forestal

O Plan de Desenvolvemento Rural e Sostible (PDRS) naceu en 2007 co ambicioso obxectivo de abordar os problemas do medio rural de xeito íntegro, con cartos do Estado e da

Xunta. Hoxe, tras ver o reparto que pretende facer a Consellaría de Medio Rural dos 170 millóns de euros dos que dispón para esta fin, advírtese a intención de financiar obras compro-

metidas con concellos para as que non hai cartos e que, por desgraza, pouco ou nada teñen que ver co desenvolvemento rural ou co apoio ás actividades agrarias e gandeiras.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) é a entidade encargada de xestionar e repartir os cartos do PDRS. Para xestionar este plan, dividiron a Galiza en 12 zonas, clasificadas en tres categorías segundo as necesidades de investimento que teñan. Cada unha destas zonas ten un consello local no que, en teoría, están representados todos os axentes sociais. Precisamente, unha das primeiras queixas do SLG é que as organizacións agrarias foron excluídas destes consellos.

Mais, se cadra, un dos feitos máis graves é que os cartos, agás un par de excepcións, non se van destinar a apoiar actividades agrarias ou gandeiras. Non é de estrañar se lemos os informes do PDRS e a imaxe que dan dos sectores agropecuarios galegos. En concreto, consideran ao sector primario “moi dependente das subvencións”, incidindo na imaxe pexorativa de que as explotacións labregas viven exclusivamente das axudas públicas. Mesmo falan da “escasa cualificación e profesionalización dos traballadores agrarios”.

■ Obvian o problema da falla de superficie agrícola

Ademais, agáchanse os graves problemas que teñen as nosas explotacións á hora de conseguir superficie agraria, limitándose a falar de “perda progresiva de superficie e actividade no sector primario”. De feito, non se mencionan problemas fundamentais para o medio rural e as actividades agro-



Ana Rodríguez coordinou a redacción da emenda á totalidade do reparto de cartos do PDRS argallado pola Consellaría de Medio Rural

gandeiras como as dificultades para arrendar terras, o prezo das leiras, a forestación de terras agrarias, a imposibilidade de instalarse xente moza se non herda a

explotación familiar, o abandono de terras aptas e o exceso de carga gandeira nas explotacións leiteiras, ou o incremento continuo do prezo dos insumos.

O SLG pide que os cartos vaian para a actividade agrogandeira

Por todo o devandito, o SLG presentou unha a emenda á totalidade dos plans de zona. Como alternativa, o SLG pediu que os cartos do PDRS se destinen a accións como: axudas a explotacións ecolóxicas de viñado e horta, equipamentos para transformar produtos agrarios, fomento da agricultura ecolóxica, apoios á gandería extensiva e á transhumancia, axudas para recuperar leiras forestadas, axudas á venda directa, mellora de escolas rurais, ou fomento da participación social das mulleres no medio rural.

Un proxecto que non se fixo en función das demandas e necesidades do rural

A escasa vocación labrega do PDRS vese en frases como “excesiva dependencia da economía comarcal respecto ao sector agrario e gandeiro”. Para o SLG, non sobra ningunha persoa que se dedique á agricultura ou á gandería, senón máis ben todo o contrario. A forte dependencia que ten Galiza á hora de importar alimentos para a súa poboación, e a desertización e abandono do medio rural aconsellan, precisamente, potenciar as actividades agropecuarias como motor económico indispensable para o noso campo.

Desta maneira, a Consellaría de Medio Rural desbaldirá os millóns do PDRS no sector forestal (un 25 % dos investimentos), abandonando á súa sorte ás actividades agrarias e gandeiras. Os cartos irán, fundamentalmente, para as sociedades de fomen-

to forestal (Sofor), plans de ordenación de recursos forestais e aproveitamento de biomasa forestal. Mesmo se adquiriran camiões motobomba para 62 concellos a conta do PDRS.

Para Ana Rodríguez, secretaria de Desenvolvemento Rural do SLG, “temos a impresión de que boa parte dos proxectos xa estaban feitos nas consellarías e que, por mor da crise, quedaron sen cartos para financeiros; de maneira que utilizan agora os cartos do PDRS para obter financiamento”.

Tamén critica Ana Rodríguez que o PDRS “non é un proxecto feito de abaixo a arriba, en función das necesidades e demandas do medio rural; senón que se fixo de arriba a abaixo, reuníndose as consellarías para pór sobre a mesa proxectos sen cartos para executalos sacando o financiamento do PDRS”.



A IX Romaría das Encrobas destacou o papel das mulleres nas loitas labregas

A festa incluíu, nesta ocasión, a presentación do libro de Tareixa Ledo Regal sobre Lidia Senra Rodríguez

Ás viandas, música e xogos que enchen a programación desta romaría cada ano, sumouse desta vez a presentación do libro de Tareixa Ledo Regal "Lidia Senra Rodríguez. A his-

toria dun liderado entrañable", de Edicións Laiovento. Acompañaron á autora, no acto, a propia Lidia Senra e a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire. Trinta

anos despois da loita contra Fenosa, a parroquia das Encrobas foi o lugar idóneo para falar do papel fundamental que desempeñaron as mulleres labregas nas loitas do campo galego.

Precisamente, a parroquia das Encrobas foi o lugar idóneo para falar do papel fundamental que desempeñaron as mulleres labregas nas loitas do campo galego.

Non en van, entre o auditorio que participou na presentación do libro atopábanse varias mulleres que viviron, en primeira persoa, as protestas e enfrontamentos contra a Garda Civil que se produciron nesta parroquia, no ano 1977. O obxectivo daquela loita non era outro que impedir que Fenosa se fixera dona das terras para explotar o lignito subxacente na, aínda hoxe activa, central térmica de Meirama.

A pesares de que Fenosa acabou saíndose coa súa, a

romaría serviu para demostrar que nas xentes das Encrobas aínda segue aceso o orgullo de ter loitado polo seu. Respecto disto, a secretaria xeral do SLG, Carme Freire, animou aos e ás asistentes a seguir sendo críticos e a opoñerse a calquera tenta-

tiva de usurpación dos dereitos e dos bens a que temos dereito e que tardamos tantas xeracións en conquistar, e a seguir alerta "pois hoxe en día, ocupando os nosos gobernantes o lugar que antano ocupaba a Garda Civil, que modificaron a Constitución

para darlle os cartos dos nosos impostos á banca e ás grandes empresas" en vez de investilos en servizos públicos esenciais para a calidade de vida no medio rural coma a asistencia a explotacións ou o coidado de persoas maiores.



Varias testemuñas directas das loitas contra Fenosa en 1977 asistiron á romaría das Encrobas e á presentación do libro "Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable" (arriba), acto reivindicativo e de memoria que non estivo reñido co xantar festivo que ocupou boa parte da xornada (abaixo)

Presentadas as alegacións do SLG contra o canon da auga

A Xunta pretende aprobar un novo imposto para especular co noso dereito a beber e usar auga

O 9 de setembro rematou a exposición pública do proxecto de decreto polo que se aproba o regulamento do canon da auga. A exposición pública fíxose en agosto, época de vacacións, e dun

xeito escuro. A Xunta pretende que entre en vigor en xaneiro de 2012. Carme Freire e Manuel Docampo, en nome do SLG, presentaron as alegacións contra este canon, que é un

paso máis na privatización das augas do noso país, motivada por un afán recadador e especulativo, en lugar de procurar o benestar das persoas e a sustentabilidade do medio ambiente.

Este proxecto de decreto confirma esta pretensión puramente recadatoria e especulativa, fixando un canon preventivo sobre a potencialidade do uso ou consumo de auga. Un imposto que pagaremos as persoas polo feito de existir, independentemente de que se preste ou non algún tipo de servizo.

Neste regulamento existe unha grande indefinición e, consecuentemente, inseguridade xurídica, ao deixar pouco ou nada claro: parámetros máximos para determinar o canon en relación á carga contaminante, a determinación de usos suxeitos a canon, a determinación da base imponible mediante estimación obxectiva, a determinación de cales son os usos asimilables a domésticos, a determinación dos usos non agrícolas, etcétera. É dicir:



O pasado 9 de setembro, Manuel Docampo e Carme Freire presentaron, en nome do SLG, as alegacións contra o canon da auga

déixanse demasiadas cuestións a criterio da empresa Augas de Galicia, que é parte interesada, e cuxo novo réxime xurídico permite que estea participada por entidades privadas e/ou participar en entidades privadas.

O destino que a empresa Augas de Galicia faga dos

fondos recadados non pode controlarse de maneira axeitada, pois non se prevén mecanismos de control destes fondos por parte do Parlamento Galego, nin se establecen porcentaxes ou cantidades mínimas e máximas para cada un dos conceptos.

As traídas comunitarias e veciñais tamén pagarán o canon

Na pasada campaña electoral, os políticos do partido do goberno dixeran en innumerables ocasións que non se cobraría o canon aos residentes en áreas do rural con traídas particulares ou comunais, nin á actividade agraria. Agora podemos comprobar a incerteza das promesas electorais, xa que as traídas particulares ou comunais pagarán o canon e tamén o coeficiente de vertedura, e non queda claro que a actividade agraria non estea suxeita a canon, xa que non se explica cales son os parámetros mínimos para considerar contaminación especial.

No SLG solicitamos que non se leve a efecto a aplicación do canon da auga, que se derogue a Lei de Augas, e que estableza un período de debate aberto a todos os axentes afectados e a toda a cidadanía co fin de, entre todos e todas, buscar unha solución acaída ás nosas necesidades para dotar a Galiza dun futuro con auga de calidade e en cantidade con xestión pública, transparente e participativa. Por iso, o SLG fai un chamamento ás persoas e ás entidades para que se neguen a pagar o canon e para pedir a derogación da Lei de Augas de Galiza.

Penalización do aforro de auga e abandono de funcións da Xunta

Lonxe de potenciarse o aforro de auga, obxectivo no que xustifica a existencia do canon na Lei 9/2010 de Augas de Galicia e na Directiva comunitaria 2000/60, estase a penalizar: nos métodos de estimación obxectiva, na determinación de usuarios no caso de contadores colectivos en función do diámetro, así como no feito de considerar que en cada vivenda viven 3 persoas. Queda claro o obxectivo recadador e de negocio do canon e da propia Lei de Augas de Galicia.

Amais do inxusto que resulta cobrar polo consumo de auga como alimento, independentemente da súa procedencia, este regulamento pódese considerar como un abuso xa que exime á Administración Autonómica de toda responsabilidade, que fai recaer na

ciudadanía. Si existen problemas no ciclo da auga por falta de cantidade ou de calidade, algunha responsabilidade terán aquelas institucións que con competencias plenas nesta materia non foron quen de facer chegar auga para o consumo á poboación, nomeadamente do rural, tendo os veciños e veciñas que dotarse de auga con recursos propios. Tamén terán que facerse responsables da política de potenciar a instalación de empresas moi contaminantes no noso territorio, ou da política de dar prioridade ás grandes infraestruturas hidroeléctricas por riba de instalacións para a captación e subministro da auga para o consumo humano e para a produción de alimentos, tal e como recolle a lexislación en materia de augas.

Xornada de debate no SLG sobre a situación da produción ecolóxica



A sede nacional do Sindicato Labrego Galego serviu de punto de encontro para os produtores e produtoras de agricultura ecolóxica

O pasado 29 de xuño, produtores e produtoras de ecolóxico xuntáronse no local do SLG, en Compostela, para facer repaso ao traballo feito na etapa 2007-2011, ao mesmo tempo que se falou da situación e problemática de cada sector e de cada comarca.

Presentouse un informe do traballo desenvolvido no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (Craega) pola nosa vogal, Charo Sánchez Parga. Deste traballo destacaron a mediación para a adhesión a INTERECO, a adhesión do Craega á Plataforma Galega Anti-

transxénicos, a procura de transparencia e participación do sector produtor na elaboración das normas técnicas, o regulamento de autorización da sinalización de carteis identificativos nos puntos de venda, etcétera.

Queda claro que o intenso traballo realizado dentro do Craega tivo como obxectivo fundamental a defensa do sector produtor, nun consello máis preocupado en servir de promoción ás grandes empresas que de impulsar a participación e a implicación de produtores e produtoras na certificación ecolóxica.

■ Indignación polo impacto da crise do E Coli

Na xuntanza constatouse a indignación pola sabotaxe que supuxo para a agricultura ecolóxica o andazo de E Coli en Alemaña, cando ao comezo da crise sinalaron como fonte da infección a cogombros ecolóxicos, sen ser certo e sen nunca aclarar ben a verdadeira raíz do problema.

Tamén se falou de como o aumento das tarifas do Craega fai que moitas explotacións pequenas non podan certificar. Non se entende como os labregos e labregas, amais de esforzarse por facer unha agricultura sen pesticidas, teñan que custear a certificación en lugar da Xunta, de cara a potenciar unha agricultura sa e de calidade.

Outra das cuestións tratadas foron os problemas para fixar prezos superiores aos das producións convencionais e para situar os produtos ecolóxicos no mercado. Constatouse un aumento do consumo e a venda directa en circuitos curtos como única saída viable para moitas explotacións.

Para o SLG, certificar ecolóxico é só unha opción persoal; o importante é ir cara a unha agricultura máis respectuosa co medio, menos dependente de insumos de fóra da explotación, e con prezos xustos remuneradores que nos permitan vivir do noso traballo.

Rolda de contactos cos partidos políticos para rematar cos abusos de industrias e distribuidoras


O SLG reuniuse cos partidos políticos galegos con representación nas Cortes para demandarlles que defendan os intereses das explotacións labregas nos debates sobre a Lei de Funcionamento da Cadea Alimentaria. O primeiro dos encontros foi co PP, o 1 de setembro; e o segundo co BNG, o 5 de setembro. Ao peche deste Fouce, estaba pendente a resposta do PSOE á solicitude de xuntanza feita polo Sindicato Labrego.

Para o SLG, esa lei podería ser a resposta a unha demanda histórica: normalizar as relacións comerciais no agro con contratos negociados de xeito colectivo no seo das interprofesionais, con presenza de todos os axentes da cadea: produtores e produ-

toras, industria, consumidores e consumidoras e, nomeadamente, as distribuidoras, que nunca estiveron nas mesas, amais da administración como mediadora.

Tamén debería contemplar esta lei a fixación de prezos mínimos para que existan garantías, amparadas por lei, para que o traballo nas explotacións dea unhas rendas dignas para vivir. Ademais, esta lei debería abordar de que xeito se vai legislar para rematar coas prácticas e as marxes abusivas de industrias e distribuidoras.

O SLG avogou por que todas estas cuestións estean reguladas, para que non siga imperando, como até o de agora, a lei da selva na comercialización dos produtos agrarios.



Carme Freire e Xosé Manuel Calvo, en representación do Sindicato Labrego Galego, reuníronse con Olaia Fernández Dávila, do BNG (arriba); e con Isabel García Pacín e Olga Iglesias, do PP (abaixo)



COAG

ARCO

Agricultura de Responsabilidade Compartida

Experiencias de comercialización na agricultura agroecolóxica

Máis información en
calquera oficina do
Sindicato Labrego Galego

 **sindicato
labrego galego**
comisións labregas

COFINANCIA

 **GOBIERNO
DE ESPAÑA**

**MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO**

COFINANCIA

 **FEADER**
Europa invierte en las zonas rurales

120 organizacións de 34 estados apostan pola soberanía alimentaria en Europa

Lidia Senra e Isabel Vilalba participaron durante unha semana nos debates do Foro de Krems (Austria)

Entre o 15 e o 21 de agosto, a cidade austríaca de Krems acolheu o Foro Europeo de Soberanía Alimentaria. Por parte do Sindicato Labrego Galego, participaron Lidia Senra e

Isabel Vilalba xunto a preto de 400 delegadas e delegados, pertencentes a 120 organizacións sociais de 34 estados europeos. Deste xeito, se deu continuidade ao Foro de Malí, que se

celebrou no ano 2007 baixo o nome de Nyéléni, muller mítica na cultura deste país africano que se converteu no símbolo global da soberanía alimentaria.

As persoas que participaron no foro de Krems comprometéronse a fortalecer a súa capacidade mutua para reclamar un control da cidadanía sobre os sistemas alimentarios, para enfrontarse ao sistema agroindustrial e para expandir e consolidar un movemento europeo forte en favor da soberanía alimentaria, que é o dereito que ten cada pobo a producir os seus propios alimentos e a definir democraticamente as súas políticas agrarias.

Lidia Senra e Isabel Vilalba participaron en todos os debates, nos que se falou dos impactos das políticas europeas e globais de hoxe en día. Tamén se desenvolveu unha ampla alianza e un conxunto de principios para acadar a soberanía alimentaria en Europa.

A diversidade e a riqueza das experiencias permitiu ao Foro de Soberanía Alimentaria identificar un marco común e definir un plan de acción conxunto, baseado nun proceso democrático e participativo, que se concretou na primeira Declaración Europea pola Soberanía Alimentaria (pódese consultar na web do SLG). Esta declaración senta as bases do traballo futuro de todas as organizacións participantes de cara a que a soberanía alimentaria se converta nun pilar fundamental das políticas agrarias e alimentarias. A declaración proclama o convencemento de que “unha mudanza no sistema alimentario é o primeiro paso cara a un cambio máis amplo nas nosas sociedades”.



Representantes de organizacións sociais de todos os países de Europa estiveron presentes no Foro de Krems

Un modelo alimentario sostible baseado en pequenas explotacións e prezos dignos

As persoas delegadas do foro comprometéronse cunha activa e definitiva participación no sistema alimentario mediante:

1. O traballo dirixido a un modelo de sistema alimentario sostible ecoloxicamente e socialmente xusto, baseado en pequenas explotacións e modelos de transformación e distribución alternativo de alimentos non industriais.
2. Facendo local o sistema de distribución de alimentos, coa creación de circuitos curtos de comercialización e o fortalecemento da relación entre produtores e produtoras e a cidadanía en xeral.
3. A través da mellora das condicións sociais e laborais, en particular no campo da alimentación e da agricultura.
4. A través da democratización da toma de decisións sobre o acceso aos bens

comúns (a terra, a auga, o aire, as sementes, a biodiversidade, o coñecemento tradicional e as razas gandeiras).

5. Asegurando que as políticas públicas garantan a todos os niveis a vitalidade do medio rural, prezos xustos e estables para as persoas que producen alimentos e, en xeral, unha alimentación sa e libre de organismos modificados xeneticamente para toda a cidadanía.

Nesta época de déficit democrático e de crise económica e social, as delegadas e os delegados do foro coincidiron á hora de defender os dereitos das persoas a definir os seus propios sistemas e políticas agrícolas e alimentarias, sen prexudicar á xente ou aos nosos escasos e prezados recursos comúns, segundo os principios da soberanía alimentaria.

Apoio do SLG á marca Ternera Gallega como diferenciadora da nosa carne de vacún

O responsable do sector de vacún de carne do Sindicato Labrego Galego, Xosé Luís López Galán, e o coordinador dos sectores gandeiros, Xabier Gómez Santiso, ofreceron unha rolda de prensa, o pasado 26 de agosto, para amosar o total apoio desta organización agraria á IXP Ternera Gallega.

E este apoio dáse en oposición á tentativa de crear unha marca baixo o nome de VAC 1, iniciativa que agora renace sen ter nada que ver coas súas intencións orixinais, despois de que fose creada pola Consellaría de Medio Rural do bipartito na Xunta. O selo VAC 1 creouse no seu día, sen éxito e sen continuidade, para dar saída comercial á carne das vacas de desvelle da raza Frisoa saídas da produción leiteira.

Sen embargo, agora hai un grupo de interese que está facendo presión para impulsar de novo esa marca VAC 1, pero desta vez aberta a todo tipo carnes de vacún, incluída a daqueles becerros amparados por Ternera Gallega que non teñen a categoría Suprema.

Crear a marca VAC 1 como competidora da IXP Ternera Gallega sería un gravísimo erro que lle custaría moi caro ao sector. En primeiro lugar, é un erro porque a IXP, agora mesmo, non dá cuberto a demanda en épocas do ano como o verán, polo que en vez de crear outro selo habería que aumentar a produción de calidade adscrita á IXP para cubrir toda a demanda existente de carne de vacún galega durante todo o ano.



Xosé Luís López Galán e Xabier Gómez Santiso amosaron, en nome do SLG, o seu rexeitamento da posta en marcha do selo VAC 1

Ademais, dado que a Consellaría de Medio Rural non dixo palabra ao respecto, no SLG deducimos que a iniciativa de crear o selo VAC 1 é totalmente privada, polo que estaríamos a falar dunha marca exenta dos rigorosos controis de calidade que ten a IXP Ternera Gallega e que podería destruír en pouco tempo un prestixio labrado durante

décadas que fai que, hoxe en día, o selo de Ternera Gallega sexa o da carne certificada máis vendida no Estado Español.

Por todo isto, o Sindicato Labrego anuncia que calquera tentativa de crear un novo selo para a carne de vacún da Galiza, aparte da IXP Ternera Gallega, se atopará coa súa máis frontal oposición.

Defensa en Bruxelas dun sector lácteo con control da produción e dos mercados

Isabel Vilalba expuxo ante o Grupo Consultivo do Leite da Unión Europea a posición da Coordinadora Europea da Vía Campesina e do Sindicato Labrego Galego

A responsable do sector leiteiro da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), pertencente tamén á Executiva do SLG, Isabel Vilalba, participou, o pasado 6 de xullo, en Bruxelas, na xuntanza do grupo consultivo do leite da Comisión Europea. Neste encontro, analizouse a situación actual do sector e o impacto que está a ter nel o proceso de eliminación dos controis da produción que se está a facer de xeito progresivo (a denominada "ateraxe suave") até suprimir o sistema de cotas lácteas no 2015.

O panorama debuxado resulta desalentador, pois se constatou un aumento considerable da produción de leite que non levou aparella-

do un incremento nin da demanda nin do consumo.

Dende que se comezou a aplicar o desmantelamento do control da produción, xa se produciu unha forte crise no ano 2009 e, dende aquela, os prezos apenas se recuperaron. Fronte a este estancamento dos prezos á baixa, os custos para as explotacións non pararon de subir, poñendo en grave risco a súa viabilidade económica.

Outro dos fracasos que se está a constatar na política leiteira comunitaria é a negociación de prezos e a formalización de contratos entre as industrias e as explotacións. En países onde se fan contratos con normalidade, como Francia ou Suíza, xigantes da industria como Nestlé ou

Lactalis impoñen os prezos e as condicións que máis lles convéñen. Neste contexto, a intención da Comisión Europea de fragmentar o poder negociador das explotacións en asociacións de produtores vai a agravar aínda máis este problema de desigualdade entre as partes, debilitando a capacidade negociadora das explotacións e facendo aínda máis difícil acadar prezos dignos. De seguir por ese camiño, perpetuaranse, ou mesmo empeorarán, os datos da cadea de valor do sector lácteo que se fixeron públicos en Bruxelas: mentres que as explotacións se quedan con pouco máis do 20% do prezo final do leite, as industrias ingresan máis do 30% e as distribuidoras o 42%.

■ Tres piares no modelo defendido polo SLG

Fronte a todo isto, Isabel Vilalba, en nome da Coordinadora Europea da Vía Campesina e do Sindicato Labrego, defendeu unha nova política leiteira baseada en tres piares fundamentais:

■ Control público da produción e dos mercados como medio para manter un equilibrio entre a oferta e a demanda, e uns prezos dignos.

■ Negociación colectiva dos prezos a través de interprofesionais nas que estean representados todos os axentes do sector.

■ Aposta por un modelo sostible a todos os niveis, que garanta a viabilidade das explotacións familiares; fronte á proliferación de grandes industrias de leite con miles de animais e un modelo insostible a nivel económico, social e ambiental.



As tensas negociacións, a presión mediática e o apoio incondicional do Sindiacto Labrego Galego aos gandeiros e gandeiras que sufren impagos, axudaron a conseguir un principio de acordo coa empresa

Lácteos Tambre comprométese a pagar antes do remate de 2011

A empresa manifestou que achegará un plan para asumir os pagos pendentes

En xullo houbo un tenso tirapuxa entre Lácteos Tambre e as explotacións ás que lles debe os cartos do leite vendido e que defende o Sindicato Labrego. Tras un primeiro encontro o 5 de agosto, arrincou

se o compromiso dun plan de pagos; o 17 agosto, indignados e indignadas cun plan que non previa saldar débedas até xullo de 2012, novas negociacións acadaron adiantar a data ao 31 de decembro.

Desta maneira, as sete explotacións leiteiras defendidas polo SLG que se atreveron a denunciar –de Muxía, Tordoia, Ordes e Arzúa– poderían ver ingresados os cartos que se lles debe antes do que remate o ano e que, en conxunto, ascenden a 60.000 euros.

Unha vez acadado o compromiso da empresa láctea, a secretaria xeral do SLG, Carme Freire, declarou que “agardamos que cumpran con este acordo sen necesidade de continuar cos xuizos que temos neste intre por mor das denuncias que presentamos, e que seguirán o seu curso legal en caso de non cumprir a empresa o pactado”.

O número de explotacións afectadas polos impa-

gos de Lácteos Tambre é moi superior ás sete que están sendo defendidas polos servizos xurídicos do Sindicato Labrego Galego, e están repartidas por boa parte da xeografía galega; sen embargo, o meirande delas non se atreveu a denunciar.

Ademais da secretaria xeral, Carme Freire, estive-

ron apoiando aos gandeiros e gandeiras nas súas negociacións outras persoas do Sindicato Labrego Galego de diferentes bisbarras.

Ao peche desta edición, xa aumentara o número de explotacións afectadas de impago que se sumaron á denuncia das prácticas desta empresa.

A Consellaría de Medio Rural segue desaparecida

Unha vez máis, o Sindicato Labrego tivo que criticar a inoperancia da Consellaría de Medio Rural, que se atopa totalmente desaparecida cando se trata de defender ás explotacións leiteiras do noso país na difícil conxuntura pola que están pasando nestes intres, e deixa actuar impunemente a empresas como Lácteos Tambre cando lles negan ás nosas explotacións o dereito máis elemental a cobrar polo produto do seu traballo.

A imposibilidade de usar Internet no rural colapsa a identificación do gando por teléfono

O Sindicato Labrego volveu denunciar, unha vez máis, o colapso do servizo de identificación do gando habilitado pola Consellaría de Medio Rural a través do teléfono 012.

A finais do ano pasado, Medio Rural cambiou o funcionamento do sistema de identificación e rexistro do gando, que pasaba a poder facerse a través da oficina virtual da web da Consellaría. Nembargante, tal e como preveu o SLG, a case inexistencia de Internet no rural acabou facendo que a xestión telefónica, a través do teléfono 012, fose a máis demandada para comunicar altas e baixas de reses, pedir duplicados de crotais, etcétera.

Actualmente, a liña do 012 está totalmente saturada. Cando se chama para facer unha xestión, o normal é que se necesiten varias horas de intentos e, moitas veces, nin así se dá establecido contacto. Por se non abundase, e ao contrario do que acontece coas xestións a través de Internet, este número non é gratuito, polo que a identificación dun becerro pode resultar cara.

Dende o SLG temos solicitado á Consellaría de Medio Rural que traballe de cara a facer que este teléfono teña un funcionamento eficiente, xa que o 012 é case o único xeito que ten a xente de facer os rexistros de movementos do gando. Mais lonxe de atender ás demandas do SLG, Medio Rural segue con esta liña telefónica colapsada pola saturación de chamadas, provocando a desesperación dos e das titulares das explotacións gandeiras e, mesmo, deixándoos e deixándoas, moitas veces, en situación de ilegalidade por non conseguir comunicar os movementos de reses nos prazos establecidos.

Arredor da calidade do leite

por Xabier Gómez Santiso

No pasado mes de xuño, a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU) publicaba os resultados dun estudo no que se analizaban 47 marcas de leite envasado á venda en superme-

recados. Esta análise provocou unha grande polémica dentro e fóra da Galiza e deu moito que falar. No presente artigo de opinión, o coordinador dos sectores gandeiros do SLG, Xabier

Gómez Santiso, revela as incongruencias e fallos do informe e pon o punto de atención nun tema fundamental para as explotacións que se lle esqueceu analizar á OCU: o prezo.

A primeiros do mes de xullo, a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU) fixo públicos os resultados dun estudo sobre o leite UHT que causou moita algarada.

Neste informe, a OCU falaba da caída da calidade nos supermercados do leite UHT (iniciais de *Ultra-High Temperature*, que no noso idioma debería chamarse TUA por "Temperatura Ultra Alta"). O que non sabemos moi ben é que ten que ver este leite co que sae das nosas explotacións.

Para empezar, non sabemos se ese leite é o que saíu das nosas explotacións porque o sistema de trazabilidade tan "rigoroso" que temos (letra Q) remata na porta de entrada da industria. Para seguir, aínda que fose o leite das nosas explotacións, despois dun proceso térmico a 140 graos, homoxeneizado da graxa, engadido de varios elementos químicos, extracción de

outros, etcétera, o leite resultante non se parece ao orixinal máis que na cor branca. E iso mentres alguén non diga (previo estudo pagado por unha gran corporación "desinteresada") que a cor debe ser marela, xa que a partir dese momento a cor tamén será marela. Podemos dicir que o leite dos cartóns se parece ao que sae das granxas o mesmo que as albóndegas de lata á carne de becerro.

■ Grande diferenza entre marcas

Pero, ademais, o que constata o estudo é que hai unha gran diferenza entre marcas, que unhas son bastante boas e outras moi chafalleiras, cousa que todo o mundo sabíamos.

Outra cousa que pon de manifesto o informe é que todo o leite cumpre (máis ou menos) coas calidades esixidas pola lexislación, do que se pode deducir que o que non lle serve á OCU son os niveis actuais da calidade do leite normalizado, pero tam pouco pide outros.

Dende o sector produtor, o que botamos en falta é que a OCU pida leite de calidade, pagado a prezos

remuneradores para que a xente poida vivir decentemente de produci-lo. Pedir que os leites elaborados, eses dos supermercados envasados en cartón, teñan os mesmos controis analíticos, e co mesmo rigor, que ten o leite que sae das explotacións. Pedir, en definitiva, que a Administración se faga garante da calidade dos produtos alimentarios que as grandes cadeas poñen á venda, cousa básica para garantir unha alimentación saudable, imprescindible niso que chaman estado do benestar.

Tamén se queixan no informe da baixa de calidade debida ao sistema de produción intensivo, e da perda de calidade que supón o incremento de produción por vaca. Isto tamén hai que desmentilo, aínda que non vai ser desde estas páxinas onde se defenda a produción intensiva. As calidades que valoran na súa análise, que teñen que ver co sector produtor (graxa, proteína, extracto seco, calcio e hixiene) non son inferiores por producir máis ou menos nin por sistemas máis ou menos intensivos. E as calidades que potenciaría a produción extensiva non son tidas en conta polo informe, nin vemos que a OCU reivindicue outro tipo de calidades diferentes das que manifestan as analíticas químicas e bacteriolóxicas establecidas.

Observase neste informe algunha incongruencia, como afirmar que se cumpre coas

esixencias legais e que a calidade baixou se a comparamos coa de hai dez anos. O que esquece a OCU é que as exigencias legais para o leite eran as mesmas agora que hai dez anos. Entón, daquela iamos sobrados?

■ Un sistema de comercialización enganoso

A verdadeira mensaxe do estudo é que o prezo non garda ningunha relación coa calidade. Hai leites baratos de boa calidade, e leites moi peores que son máis caros. Ou o que é o mesmo: o sistema de comercialización é enganoso ou hai algo nel que non funciona. Curiosamente, isto é o que non denuncia a OCU, que prefire falar de como é o proceso de produción e elaboración e poñer tachas onde non debe, en troques de cumprir coa súa función, que non é outra que denunciar a verdadeira irregularidade e a fraude.

A modo de conclusión, podemos dicir que non está nada claro -ou cando menos este informe non o di- que haxa deficiencias notorias na calidade do leite no lineal do supermercado; e aínda que así fose, isto non significaría, nin moito menos, que a calidade do leite producido nas nosas explotacións fora deficiente.

Imos, polo tanto, atender o importante: mirar como mantemos as nosas explotacións en produción coa que non está caendo de baixos prezos e altos custos, e pedirlle a Organización de Consumidores e Usuarios se pode facer un informe de como nos rouban ao sector produtor; estudo que, se cadra, non era moi difícil facer.



Perigan explotacións en seis parroquias de Verín polos atrasos da parcelaria

Hai once anos, comezaba unha concentración parcelaria que afectaba a seis parroquias de Verín: Mandín, Feces de Arriba, Feces de Abaixo, Mourazos, Tamagelos e Tamagos. Tempo houbo abondo para rematar mais, lonxe de acontecer tal, as obras están paralizadas sen que se saiba cando van concluír e, o peor de todo, poñendo en serio perigo a viabilidade das quince explotacións vitícolas que aínda subsisten na zona.

O 29 de xuño, unha comitiva do SLG formada polo secretario de sectores vexetais, Xosé Manuel Parente; o técnico Henrique Outes; e un dos viticultores afectados, Xosé Pérez Xico, entrevistáronse con directivas da Consellaría de Medio Rural para tratar o problema. Mais, na Consellaría non se deron solucións; tan só se dixo que había posibilidades de que se comezasen a marcar as fincas a finais do presente ano, pero sen garantías.



Henrique Outes, Xosé Pérez Xico e Xosé Manuel Parente (de dereita a esquerda) levaron a Medio Rural o problema da parcelaria de Verín

Xosé Pérez Diéguez, viticultor afectado polos atrasos da parcelaria na parroquia de Mandín

“Cos atrasos imos perder axudas ás que temos dereito”

Unha das explotacións afectadas é a de Xosé Pérez Diéguez, o Xico, que ten os seus viñedos nas terras arraianas de Mandín. Pouco antes de iniciarse a parcelaria, Xico puxo en marcha unha pequena adega de colleiteiro e plantou as súas propias cepas. Hoxe, traballa case dúas hectáreas, entre viñado propio e arrendado, e produce uns 4.000 litros de viño ao ano. A súa intención

é chegar a ter cinco hectáreas, superficie necesaria para poder vivir da vide, e subir a produción ao redor dos 10.000 ou 12.000 litros. Mais élle imposible.

■ Risco de perder as axudas a reestruturación

Para poder ampliar a explotación, Xico necesitaría acollerse a un plan de reestruturación de viñado; o problema é que as axudas

que financian estes plans proveñen da Unión Europea e vanse rematar no 2013. E mentres non vaia para adiante o proceso de concentración parcelaria, Xico non pode dispor de terras para comprar e plantar viñado e, polo tanto, non pode acollerse a esta liña de axudas.

“De seguir os prazos, non comezarán a marcar as fincas até comezos do 2013”, comenta Xico, “o que nos vai

deixar sen posibilidade de recibir as axudas ás que temos dereito para facer a reestruturación”.

Xico explica que estas axudas “son vitais para ampliar a explotación e facela rendible, xa que cubren o 75% do investimento. Isto é fundamental, pois plantar viñado supón un investimento forte que só comeza a dar rendementos a medio prazo”.

O SLG esixe a retirada de sancións por exceso de uva en Rías Baixas

O SLG manifestouse contrario ás novas sancións na denominación de orixe Rías Baixas por excesos de rendementos na colleita 2010. Así llo fixo saber, en relación ás sancións da campaña 2009, tanto ao órgano de control da D.O., como ao presidente do consello regulador e á propia Consellaría de Medio Rural.

O SLG remitiulle a estes tres organismos un informe no que se constataban varias irregularidades que deberían resolverse antes de sancionar. Trátase de irregularidades

atribuíbles a deficiencias tanto do órgano de control, como do consello regulador e da Consellaría; e que poderían ser a causa do exceso de rendementos. As irregularidades denunciadas son as seguintes:

1. O censo que manexa a consellaría non se corresponde co censo vitícola que manexa o consello regulador, que tampouco coincide co catastro de rústica.
2. Cada viticultor e viticuladora ten unha tarxeta electrónica que, de facer un bo

uso dela, non debería permitir a entrada en adega de un quilogramo máis de uvas do asignado. Ademais, a tarxeta debería estar en poder do seu titular e este debería ter que identificarse co DNI cada vez que deixa uvas. Sen embargo, o órgano de control permite, de xeito irregular, que sexa a adega quen teña as tarxetas depositadas o tempo que dure a vendima.

3. O consello regulador debería facer un control en campo previo á vendima,

co fin de velar pola calidade e determinar cales son as parcelas que poden ter un exceso, cal é o motivo deste exceso, e facer recomendacións previamente; en lugar de propoñer sancións a posteriori e sen facer nada para prever a situación.

Estes desaxustes non son atribuíbles a viticultores e viticuladoras, polo que o SLG non permitirá que paguen polo mal funcionamento do consello regulador. De manterse as sancións, o SLG non desbota a vía xudicial.

O Sindicato Labrego non permitirá baixadas de prezos na vendima

Dende esta organización agraria non se tolerará tampouco que se deixe de recoller a uva de calidade

A finais de agosto, algunhas adegas en denominacións de orixe como Ribeiro ou Rías Baixas comunicáronse cos viticultores e viticultoras que lles subministran para avisarlles

de que non lles recollerán toda a uva. Para o SLG, estas comunicacións atentan contra o dereito a unhas relacións comerciais xustas e contra o dereito dos viticultores e viticultoras a

vivir do seu traballo; e evidencian a intención dalgúns adegas de abaxar o prezo das uvas que mercan para maximizar os seus beneficios, sempre a costa do sector produtor.

Diante deste tipo de prácticas, o SLG anuncia que non permitirá que as adegas paguen por baixo dos prezos mínimos marcados polo contrato homologado, que deben servir de valor de referencia para todas as uvas amparadas nas denominacións de orixe, con independencia de que asinasen contrato.

Ademais, o SLG velará para que se recolla toda a uva de calidade que saia das parcelas que subministran habitualmente a estas adegas e que non supoña un excedente con respecto aos rendementos fixados polos consellos reguladores.

En caso de que as adegas deixen de recoller uva, ou a paguen por baixo dos prezos de referencia, o SLG porá en marcha medidas legais con-

tra elas por incumprimento de contrato; amais de organizar mobilizacións e campañas de denuncia sinalando ante a sociedade a aquelas marcas de viño que agachan trala súa etiqueta abusos ao sector produtor ou prácticas destrutoras da harmonía das relacións comerciais nas diversas DOs galegas.

■ Contra as prácticas empresariais abusivas

O SLG non permitirá prácticas empresariais abusivas. A suba puntual dos rendementos non pode levar aparelhada unha baixada do prezo da uva, nin un segundo prezo inferior ao de referencia.

Por todo isto, o Sindicato Labrego Galego fixo un chamamento a todos os viticultores e viticultoras das deno-



Coa vendima empezada, varias adegas ameazaron con non recoller parte da uva coa intención de pagala despois a prezos máis baixos

minacións de orixe galegas para que non cedan á presión de algunhas empresas e

non entreguen uvas por baixo do prezo mínimo de contrato.

O sector hortícola ao límite polos prezos de miseria pagados en agosto

Agosto foi un mes para esquecer no sector hortícola debido aos prezos de miseria que alcanzaron en orixe algúns produtos. Por exemplo, na comarca de Compostela, chegaron a pagarse prezos de escándalo polo tomate, que se cotizou a 10 céntimos o quilo nalgún caso, ou coas leitugas, que se pagaron a 20 céntimos. Na comarca da Mariña lucense tamén se denunciaron prezos de 20 céntimos para o quilo de tomate, e valores por baixo dos custos de produción para leitugas e repolos.

No Sindicato Labrego temos constancia de explotacións que tiveron que tirar a produción por non serlles rendible recollela e tendo perdas de miles de euros.

Dende o SLG constatouse que os baixos prezos non se deben á escasa demanda de hortalizas, senón que obedecen ao modelo alimentario que nos impoñen, tanto ás explotacións, como a consumidores e consumidoras.

Hai factores puntuais que puideron ter o seu impacto, como a crise do E Coli, que provocou certa baixada no

consumo de hortalizas; ou a precocidade e volume das colleitas. Non obstante, as verdadeiras causas destes prezos hai que buscalas nas políticas agrarias actuais, que permiten prácticas produtivas e comerciais moi agresivas para a produción labrega. A entrada de hortalizas de fóra con prezos por debaixo dos custos de produción, con *dumping* social, está arruinando á xente labrega e hipoteca o seu futuro produtivo.

Mentres a circulación de alimentos a nivel internacional e o "libre" comercio se

manteñan, os gobernos, como mínimo, teñen a obriga de garantir as regras de xogo, e de tentar que haxa unha harmonización nas condicións de produción a nivel social e ambiental. Dende o SLG defendemos a idea dun prezo mínimo que cubra os custos de produción e que deixe unhas rendas dignas nas explotacións. Este obxectivo pasa por unha política activa dos gobernos para aplicar a prohibición da venda a perdas e o control da entrada de produtos de fóra a baixo prezo.

Propostas lexislativas para converter a terra en pasto para as industrias e o lume

A Xunta segue a legislar para favorecer os intereses das grandes empresas forestais e enerxéticas

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, ofreceu unha rolda de prensa, o pasado 26 de xullo, para denunciar a estratexia da Xunta de Galiza para transformar o

agro galego nun territorio deseñado para uso e disfrute das industrias forestais e da enerxía. E fíxoo facendo pública unha exahustiva relación de terras agrarias que se forestaron

diante do silencio cómplice da Consellaría de Medio Rural, que calou diante da violación flagrante e xeneralizada da Lei 3/2007 de Prevención de Incendios Forestais.

En efecto, a Xunta non contestou ás denuncias presentadas pola forestación de terras agrarias, polo que no Sindicato Labrego sospeitamos da existencia dunha estratexia perfectamente deseñada para reconverter o noso medio rural nun plantío de piñeiro e eucalipto e, de paso, en fonte de fame e lume para o pobo galego. E isto que agora é ilegal, tentará legalizalo a Xunta coa futura Lei de Montes, en cuxo borrador se contempla legalizar a forestación de terras agrarias, e fronte ao cal o SLG xa amosou o seu máis enérxico rexeitamento. Agora mesmo, xa comezou esta estratexia modificando o Bantegal e permitindo o incumprimento da Lei de



Carme Freire denunciou ante os medios os plans da Xunta de converter Galiza nunha finca para as industrias forestais e enerxéticas

Prevención de Incendios Forestais.

Deste xeito, a Consellaría de Medio Rural, lonxe de tentar solucionar o grave problema de acceso á terra que padecen as nosas

explotacións, vaino a agravar fomentando o abandono da actividade agraria, a través de leis e axudas, e facendo ao pobo galego totalmente dependente do exterior á hora de producir alimentos.

Abandono do cultivo de madeiras de calidade a favor do monocultivos forestais

Unha boa mostra dos intereses que se atopan detrás das decisións da Xunta témolo na orde para o fomento de primeira forestación de terras non agrícolas, convocada o pasado 28 de xuño en beneficio das grandes industrias madeireiras e da celulosa. Tras unha primeira lectura, vese que a gran aposta de Medio Rural polos nosos montes consiste en convertelos ao monocultivo de coníferas e eucaliptos, en detrimento das árbores produtoras de madeira de calidade.

En primeiro lugar, deixa de subvencionarse a plantación das frondosas autóctonas agás o castiñeiro. En segundo lugar, a plantación de castiñeiros require moitas máis esixencias que a de coníferas. Por exemplo, nos montes veciñais de menos de 50 hectáreas, esixen un mínimo de 5 hectáreas para piñeiro, mentres que soben a 15 hectáreas no caso do castiñeiro; se os que plantan son particulares, necesitarán só 3 hectáreas para piñeiro, pero 5 hectáreas para castiñeiro.

Só existe unha excepción na que se poden plantar autóctonas: cando un curso de auga cruce unha plantación de coníferas, poderanse plantar frondosas autóctonas nas ribeiras, xa que a lei prohibe as coníferas a menos de dez metros dos cursos fluviais. É dicir, coa nova orde, as madeiras de calidade quedan relegadas a ribeiras de regatos e ríos.

Outro dos atrancos consiste en que a nova orde obriga a presentar un proxecto técnico e a nomear un director ou unha directora de obra antes de saber se a axuda está concedida e, polo tanto, antes de saber se contará con financiamento para realizarse. É dicir, que quen queiran facer unha plantación forestal, terán que arriscarse a investir cartos no proxecto e no nomeamento dun director ou directora de obra sen saber se poderán executar o plantío. Por se non abundase, ao publicarse a orde no verán, os gabinetes técnicos forestais que redactan proxectos están baixo mínimos debido ás vacacións estivais.

Leis para ordear o territorio que abocan á destrución da economía labrega

Para o SLG, a nova orde de forestación de terras non agrícolas é un suma e segue nunha ordenación do territorio caótica que só conduce á destrución do noso rural e do medio de vida das explotacións labregas.

A Consellaría de Medio Rural aposta, con esta orde, por arrebatarlle o monte á cidadanía e ás explotacións para poñelo ao servizo dos intereses das grandes industrias madeireiras.

Nin que dicir ten que o impacto desta orde vai ser brutal para a nosa paisaxe e para o noso medio ambiente, creándose un entorno para a proliferación de incendios forestais; pero tamén se deixará notar na economía das explotacións. Isto é así porque deixan de estar apoiadas pola administración actividades que poderían servir de complemento económico, como as plantacións para obter madeira de calidade, a produción de froitos (cereixas, noces, etcétera), o cultivo de cogomelos con árbores micorrizadas ou o silvopastoreo.

En canto ao cultivo de castiñeiros, os requisitos para financiar a súa plantación son tan difíciles de cumprir que se verán desprazados polos plantíos de coníferas coma o piñeiro.

Os riscos derivados das condicións climáticas e do medio natural

Suplemento subvencionado por:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

As características do medio no que os labregos e as labregas realizan a súa actividade fan que existan algúns riscos asociados a elas, podendo clasificarse en función de dous criterios: os riscos derivados das condicións climáticas, e os riscos derivados do contacto con animais. No presente Fouce analizaremos os primeiros.

Os riscos da calor

A actividade física das persoas xera unha calor que o propio organismo acumula. A magnitude desa calor pode ser moi importante no caso de que a persoa en cuestión realice unha actividade física intensa e mesmo agredir á integridade do organismo. Esta calor de orixe interna non se diferencia en nada da que provén do entorno. Cando se pretende analizar o risco para a saúde derivado dunha situación agresiva, a agresión debe ter en conta tanto as características térmicas do ambiente como a intensidade do traballo realizado.

A calor, sobre todo nos meses do verán, pode provocar desmaios, golpes de calor e insolacións se non se toman as medidas necesarias.



Medidas preventivas fronte á calor

- ▶ Beber con frecuencia auga ou calquera outra bebida non alcohólica e tomar sal abondo nas comidas.
- ▶ Manter a pel sempre limpa para facilitar a transpiración.
- ▶ Cubrirse a cabeza cun sombreiro ou pucha cando se traballe ao sol.
- ▶ Realizar breves descansos cada dúas horas, tomando algún alimento e bebendo auga.
- ▶ En caso de insolación ou de esgotamento por calor, débese chamar ao médico. Mentres chega este, hai que levar ao afectado a un lugar sombrizo e fresco, darlle de beber auga con algo de sal, afrouxarlle a roupa e pórle compresas frías na cabeza.

Os riscos do frío

A exposición ao frío intenso, aínda que se trate de períodos breves, pode producir **conxelación**. A conxelación localízase preferentemente na periferia do corpo, sendo as zonas máis afectadas as meixelas, o nariz e as orellas, xa que o rostro non acostuma cubrirse. Os dedos das mans e as dedas dos pés tamén poden sufrir conxelación.

Outra forma de lesión local por frío é o **pé de trincheira**, proceso orixinado pola exposición crónica ao frío, o cal se ve agravado polo emprego de calzado axustado.

A máis grave consecuencia da exposición ao frío é a **hipotermia**, que consiste nunha perda de calor corporal. A diminución da temperatura cerebral produce confusión, seguida de incoordinación, incapacidade para manter o ritmo de traballo e letarxia. En caso extremo pode sobrevivir a morte. O risco da exposición ao frío depende de dúas variables: a temperatura do ar e a velocidade do vento. Canto máis baixa sexa a temperatura e máis alta a velocidade, maior será o risco.

Medidas preventivas fronte ao frío

- ▶ A mellor medida é utilizar roupa de abrigo e luvas axeitadas. Os pés e a cabeza son as partes do corpo máis expostas ao frío.
- ▶ Débese procurar manter os pés sempre secos e protexidos con calzado de abrigo e impermeábel á auga.
- ▶ Protexer a cabeza cun pucho de la ou outra prenda similar.

Se aparecen síntomas de conxelación deberase proceder da seguinte forma:

- ▶ Levar ao accidentado ou accidentada a un lugar morno e abrigalo.
- ▶ Avisar ao médico.
- ▶ Darlle bebidas quentes con azucre, pero sen alcohol.
- ▶ Evitar quentar a zona xeadá.
- ▶ En caso de que aparezan bochas, deben vendarse.

Raios

Medidas preventivas fronte aos raios

- ▶ Nunca situarse debaixo ou preto dun tendido eléctrico, xa que existe un grave risco de electrocución.
- ▶ Non circular co tractor e evitar situarse en lugares elevados.
- ▶ Non acubillarse baixo unha árbore illada, nin en covas húmidas, nin xunto a cursos de auga, nin preto dun arame.
- ▶ O mellor é resgardarse en masas mestas de árbores (bosque), dentro dun automóbil pechado ou en edificios con pararraios.
- ▶ Nunha cabana é conveniente pechar ben as portas e xanelas para evitar as correntes de ar, xa que o ar ionizado pode producir descargas eléctricas.
- ▶ En caso de impacto, lavar as feridas con auga oxixenada e, si se tivese a man, pór sobre elas xeo esmiuzado. Despois hai que vendar a ferida.



A Secretaría das Mulleres animará ás labregas a inscribirse como cotitulares

Reuniuse o pasado 11 de xullo en Compostela para analizar a nova Lei de Titularidade Compartida

O pasado 11 de xullo, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego celebraba unha xuntanza en Compostela. O motivo do encontro foi a recentemente aprobada Lei de Titularidade

Compartida, unha demanda histórica do SLG que permitirá, por primeira vez, que as labregas poidan ser titulares da explotación na que traballan en pé de igualdade cos seus cónxuxes.

Cumprido o obxectivo, fica agora a tarefa máis traballosa: difundir a nova e animar ás mulleres que traballan no campo galego a dar o paso adiante para ver recoñecidos os seus dereitos.



A Secretaría das Mulleres asumirá a tarefa de divulgar a nova Lei de Titularidade Compartida nas Explotacións ao longo do medio rural galego

“O trámite lexislativo para aprobar a lei chegou á súa fin”, explicou a responsable da Secretaría das Mulleres, Isabel Vilalba, “e agora queda o desenvolvemento e todo o proceso no que as labregas que o desexen soliciten formar parte dos rexistros de titularidade compartida”.

Precisamente, o desenvolvemento e aplicación da lei foi o eixe central do encontro, no que se acordou implicarse para divulgar a lei para conseguir que o máximo número de mulleres que figuran en Galiza como “axuda familiar”, soliciten ser cotitulares da explotación para poder estar en igualdade de dereitos e de obrigas cos seus compañeiros. Neste senso, Isabel Vilalba teno claro: “a lei non servirá de nada se non hai solicitudes de mulleres”.

En concreto, a Secretaría das Mulleres organizará actos comarcais para divulgar

a lei e a posibilidade de adherirse a ela. Tamén falaron da necesidade de implicar ás administracións nesta cuestión, “pois deberían asumir esta tarefa coa fin de eliminar as desigualdades

que existen, aínda hoxe, na actividade agraria”.

A maiores, Isabel Vilalba e Ana Eiras debullaron polo miúdo o encontro que mantiveron, o pasado 11 de maio, coa responsable da Secreta-

ría Xeral de Igualdade da Xunta, Marta González, que tamén se ofrecera a divulgar dende o departamento que dirixe a posibilidade de inscribirse das mulleres labregas como co-titulares.

Denuncia das dificultades para cotizar á Seguridade Social das labregas

A xuntanza da Secretaría das Mulleres tamén serviu para pór en común pareceres acerca da dificultade que teñen as labregas á hora de afrontar a cotización á Seguridade Social Agraria, no actual contexto de aumento continuado dos custos de produción, baixos prezos agrarios. A reforma do 2007 foi denunciada como un punto de inflexión, xa que supuxo un forte incremento da cotización á Seguridade Social Agraria.

Fronte a este contexto, na Secretaría das Mulleres considera fundamental que as labregas se conciencien da importancia que ten a cotizar, de que non é unha cuestión da que se poida prescindir. Por iso, debateuse a posibilidade de convencer ás administracións para que activen algunha medida que permita seguir cotizando ás mulleres

que sofren dificultades económicas.

Como ben é sabido, as mulleres teñen asumido, de xeito tradicional, que en caso de estreiteces, a súa cotización é o primeiro que se sacrifica. Isto tiña e ten unhas graves consecuencias de cara a gozar dunha cobertura de accidentes, de indemnizacións ou dunha paga que che cubra a xubilación.

Segundo Isabel Vilalba, “debemos concienciarnos dos nosos dereitos e implicar aos políticos e ás políticas da necesidade de pór en marcha todos os mecanismos para que estes se fagan realidade”.

Tamén se denunciaron os fortes recortes que están a sufrir servizos sociais -como o ensino, a sanidade ou as pensións- coa escusa da crise, e que afectan de cheo ás mulleres.

O VIII Congreso do SLG celebrarase o 5 de novembro e cobrarase unha cota extraordinaria de 3 euros por cada afiliado ou afiliada para sufragar gastos

A Dirección Nacional do SLG acordou na súa reunión do 30 de xuño, a convocatoria do VIII Congreso do Sindicato Labrego Galego - Comisións Labregas para o vindeiro 5 de novembro.

Do mesmo xeito, acordou pasar unha cota extraordinaria de 3 euros por afiliado e afiliada para axudar a sufragar os custes do Congreso.

Esta cota pasarase xunto cos recibos de afiliación correspondentes ao terceiro trimestre de 2011.

Medidas de protección integral contra a violencia de xénero

Esta convocatoria inclúe dous tipos de axudas: Unha, de pagamento único, para mulleres vítimas con dificultade para encontrar emprego, e outra que supón o pago das indemnizacións ás vítimas establecidas por sentenza xudicial que non a reciben debido a insolvencia do agresor.

O prazo para solicitar as axudas nos casos de mulleres que sofren violencia e carecen de recursos está aberto ate o 30 de novembro de 2011; para solicitar as indemnizacións polos danos e prexuízos ocasionados polas situacións de violencia o prazo estará aberto ate o 31 de outubro de 2011.

Incentivos para darse de alta na Seguridade Social

Incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, cofinanciados polo Fondo Social Europeo. O prazo remata o 30 de setembro.

Axudas para a promoción do emprego autónomo

Programa para promover o emprego autónomo. O prazo de solicitude remata o 30 de setembro.

A Consellaría de Medio Rural declara época de perigo alto de incendios forestais do 1 de xullo ao 30 de setembro de 2011

Axudas para servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións

Axudas para a implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións agrarias de Galiza. A data límite para a

implantación ou inicio da actividade desde que se solicita a axuda será o 30 de setembro do ano da convocatoria.

Axudas no sacrificio obrigatorio de animais (bovino, ovino, cabrún)

Compensacións e axudas para comprar gando bovino e ovino-cabrún que teña por obxecto a reposición das reses, como consecuencia do

sacrificio obrigatorio de gando en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades animais. Até o 21 de novembro.

Revisións médicas gratuítas para afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego

En virtude dun Convenio firmado no seu día entre o Sindicato Labrego Galego, o ISSGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde laboral) e a Consellaría de Medio Rural, tes a posibilidade de someterte a un chequeo médico completo nas instalacións que o ISSGA ten en calquera das catro capitais de provincia galegas. Estes chequeos son completamente gratuítos.

Para poder beneficiarte desta posibilidade, so tes que apuntarte no teu local do Sindicato Labrego Galego, onde os compañeiros e compañeiras

che facilitarán información máis detallada.

En calquera caso, debes levar o día do chequeo a seguinte documentación contigo:

- SOLICITUDE CUBERTA (facilitaseche no Local do SLG)
- FOTOCOPIA DO DNI
- ÚLTIMO CUPÓN DA SEGURIDADE SOCIAL (xa que este servizo e para labregos e labregas que estean dados e dadas de alta por conta propia).

Para máis información, ou para apuntarte, acode ao teu local do SLG.

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA MULLERES



016

Non permitas que te maltraten. Solicita axuda no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Remolque preparado para rolos de herba, con documentación.
-Cuba con capacidade 1000 litros e con dúas bocas, unha no fondo para sacar o bago.
-Audi A4 2500 TDI, tracción 4, 6 cilindros, pinas ("lantas") 18", control de velocidade, elevavidros, 6 airbags, ABS, control de estabilidade, 6 velocidades, ano de compra: 2001. Urxe vender.
En Paradela (Lugo).
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260.

Véndese

-BMW 316 i. Zona de Oroso.
Chamar ao 981 695 588

Véndese

-Tractor Pasquali modelo 956-603 de 21CV, con basculante e freno hidráulico. Zona de Meira (Lugo).
Chamar ao 626 331 612

Véndese

-Pastor semínovo e debulladora de millo manual. Na zona de Betanzos.
Chamar ao 696 977 740

Véndese

-2 xovencas de Rubia Galega.
-Tanque de penso de 5.000 quilos mediado. Na zona Cesuras (A Coruña).
Chamar ao 981 790 331

Véndese

-Colleitadora de patacas Grimme 650, con moega ("tolva") alta e di-rección.
-Cinta.
-Desbrozadora patacas 3 regos.
-Tractor John Deere 1635 con pa.
-Remolque (10.000 quilos).
-Regadio con motor de 14 CV
Chamar ao 619 904 183

Véndese

-Cinta transportadora de 7 m.
Chamar ao 988 467 045 (A Limia)

Véndese

-Tanque de frío Alfa-Laval 520 litros. En Cesuras.
Chamar ao 669 799 422

Véndese

-Tanque de frío auga xeadada de baixo consumo. Capacidade de 1000 litros
-Grupo electrógeno monofásico e trifásico de 25 Kveas.
-Circuito de muxido de 4 puntos con lavado automático. Lavadora semínova. Todo en bó estado.
Chamar ao 609 733 289 (Manuel)

Véndese

-Mazo de ferreiro. En Lugo
Chamar ao 982 150 232 (noite)

Véndese

-Xovencas con carta, primeiro e segundo parto.
Chamar ao 676 128 939 (Antonio)

Véndese

-Becerro marcado de Rubia Galega de 13 meses. Libre de IBR, DUD... Na zona de Betanzos.
Chamar ao 648 187 857

Véndese

-Herba seca en rolos de 1.40 e en alpacas pequenas, sobre pedido. Na zona de Oza dos Ríos (A Coruña).
Chamar ao número de teléfono 619 267 520

Véndese

-Casa, con planta baixa, primeiro andar e terreo. En Oza dos Ríos.
Chamar ao número de teléfono 886 113 200

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Xatas frisoas, próximas o parto.
-Tanque con capacidade de 3.000 litros. En Portomarin.
Chamar aos números de teléfono 697 422 304 e 982 157 768. En Portomarin.

Véndese

-Circuíto de 3 puntos e tanque de 1.200 litros seminovo.
Chamar ao 981 790 233

Véndese

-Rulos de palla centea ou Tremesíña, de 1,50 ou 1,60 m. de diámetro, con alado de rede ou cordeis.
-Macropacas de palla centea ou Tremesíña de seis ou catro cordeis. Chamar ao 661 736 998.
-Cisterna Magal de 2.500 litros, en perfecto estado.
Chamar ao 629 324 129. A Limia.

Véndese

-Xovencas frisoas en Friel.
Chamar ao 630 561 310

Véndese

-Carro de cabalo con rodas agrícolas.
Chamar ao 982 163 954

Véndese

-Rolos de herba seca e silo.
Chamar aos números de teléfono 610 472 095 e 982 505 798

Véndese

-Touro Limousin lexítimo de 5 anos. Descornado e moi manso. Por renove.
Preguntar por Manuel no teléfono 661 586 023.

Véndese

-Tolva de silos, cantidade 3000 quilos. En bo estado. En Mesía.
Chamar ao 685 636 023

Véndese

-3 vacas Rubias Galegas. Na zona de Abegondo.
Chamar ao 981 669 245

Véndese

-Muíño de cereais trifásico, con moega de 800 quilos de capacidade. Prezo a convir.
Chamar ao 696 541 247.

Véndese

-2 "tolvas" abertas para interior. Capacidade: 900 e 1400 quilos. Prezo a convir.
Chamar ao 696 541 247.

Véndese

-Arado 3 pas, marca Internacional.
Preguntar por Xosé Manuel no 696 660 023

Véndese

-Furgoneta Volkswagen 1.9 TD ano 1998.
Preguntar por Xosé Lois Seoane no 626 315 059

Véndese

-Viño Albariño, viño tinto do Condado (Souson, Brancellao e Caiño) e viño Mencía.
Na zona de Arbo.
Preguntar por Serxio no teléfono 669 557 483

Véndese

-Sulfatadora Fitos de 400 litros, con enrolador con 70 metros de manguera.
-Motor Honda 3.8
Na zona de Arbo (Pontevedra).
Preguntar por Serxio no teléfono 669 557 483

Véndese

-Furgoneta Opel Vivaro ano 2005 100c.v.
Chamar ao 667 469 962. Zona de Toques (A Coruña).

Véndese

-2 xovencas e 1 vaca de Raza Rubia Galega. Zona de Abegondo.
Chamar ao 636 875 570.

Véndese

-Boi rubio. En Castroverde.
Chamar ao 689 049 495

Véndese

-Invernadoiro túnel de 250 m.
Chamar ao 628 615 877 (Silleda)

Véndese

-Rotoempacadora JOHN DEERE 570
Chamar ao 648 911 341

Véndese

-2 vacas frisoas. Unha de dous anos acabada de parir, e outra de sete anos.
Preguntar á noite por Inocencio no 981 778 111

Véndese

-Touro e 2 vacas rubias galegas, de 3 anos de idade e marcados por Acruga. Na zona de Ortigueira.
Preguntar por Miguel no 630 381 188 ou por María no 619 937 274.

Véndese

-Cuba-bebedoiro de 2000 litros, galvanizada, case nova.
Chamar ao 637 545 179

Véndese

-Rotoempacadora Gallinani modelo 3200.
-Aboadora Nardi de 350 quilos.
Chamar ao 646 336 125

Véndese

-Colleitoradora de patacas marca GRIMME 650, con "tolva" alta e dirección.

-Regadio con motor de 14 CV
Chamar ao 619 904 183

Véndese

-Motor de rega. Saída 4", bomba de dobre turbina, motor de 45 CV.
Na zona da Limia.
Chamar ao 666 396 285

Véndese

-Rotoempacadora marca DEUTZ FAHR, cámara variable, ano 2002. Pouco traballo, en moi bo estado. Na zona da Limia.
Chamar ao 670 769 182

Véndese

-Cinta elevadora. Lonxitude: 10 metros. Seminova. Zona da Limia.
Chamar ao 690 299 107

Véndese

-Encintadora Wolagri. Bo estado
Chamar ao 655 903 703

Véndese

-Autocargador Ford de 18 m.
-Rotativa Marangon de 1.70 m.
Na zona de Guntín.
Chamar ao 606 841 910

Véndese

-Autocargador Marangon 18 m3. En Castroverde.
Chamar á noite ao 982 175 512.

Véndese

-Máquina limpadora de centeo.
-Muíño eléctrico.
-Muíño de tractor.
Chamar aos números de teléfono 982 175 132 e 648 718 864

Véndese

-Cisterna de 1.300 litros (1.000 €)
-Arrincadora de patacas de 2 sucos (1.100 €)
-Cinta cargadora de 2 metros (200 €)
-Clasificadora Maturana (250 €)
-Fresadora con 180 de corte (2.100 €)
-Tractor 160.D con revisión, en bo estado (3.000 €)
-Arado de mosquito (200 €)
Na zona da Limia (Ourense).
Chamar aos números de teléfono 988 458 034 e 660 543 995

Véndese

-Carro mesturador Nutrifed de 12 metros cúbicos, vertical, con pa de carga.
Chamar ao 615 696 220

Véndese

-Burra, na zona de Baños de Molgas (Ourense).
Chamar ao 669 143 494

Véndese

-Tanque de frío de 3.000 litros. Zona de Friel.
Chamar ao 630 561 310

Véndese

-Tractor Súper 55-Circuíto de muxido Alfa-Laval de 3 puntos.
-Tanque de frío Alfa-Laval de 730 litros
En Sobrado.
Chamar ao 619 978 883.

Véndese

-Viño do país, augardente e licores.
Chamar ao 986 689 486

Véndese

-Cachorros de Mastín Leonés, en Mesía (A Coruña).
Chamar ao 659 927 961

Véndese

-Volkswagen Golf serie 3 1900 diesel coa ITV acabada de pasar.
Chamar ao 677 647 508 polas tardes.

Véndese

-Tanque de leite de catro muxidos, 1.500 litros, marca PACKO.
Chamar ao 620 276 860

Véndese

-Tractor EBRO 6125DT, dobre tracción e 125 CV
Chamar aos números de teléfono 625 180 903 e 982 177 903

Véndese

-Vacas e xovencas frisonas.
-Maquinaria agrícola: Picador, estendedor e rotativa.
En Portomarin (Lugo).
Preguntar por María no teléfono 622 726 687

Véndese

-Xata rubia e frisonas.
-Rotativa de 2 discos.
Chamar aos números 982 157 768 e 697 422 304 (Portomarin).

Véndese

-Audi 80 1.9 TDI (Ano 93), Turbo intercooler, ABS, aire acondicionado. Impecable. 2.700 € (gastos transferencia incluídos).
-Volkswagen Golf (serie III) 1.9 TD, correa de distribución e rodamentos novos, 2400 € (Gtos. transferencia incluídos)
Preguntar por Xoán no teléfono 606 616 139

Véndese

-Tractor de tracción Case 845 de 80 CV.
-Rotativa de 1,70.
-Fresa de 7 rodillos.
-Estendedor.
-Remolque.
-Cisterna de 2.500 litros.
-Cultivador.
-Desbrozadora de brazo.
-Aboadora.
-Vacas do país e xovencas.
En Boimorto (A Coruña)
Chamar ao 696 090 165

Véndese

-Cinta transportadora de 8 m. Na zona da Limia. Casas da Veiga.
Chamar ao 618 269 375

Véndese

-Rastrillo e potro de mirar os pés ás vacas. Bo estado.
En Cambre (A Coruña)
Preguntar por Guzmán no teléfono 981 670 725.

Véndese

-Seat Toledo. Bo estado e prezo.
Preguntar por Xabier no teléfono 617 819 778

Véndese

-Máquina segadora rotativa de dous tambores marca CLASS, 1,85 de corte, botella hidráulica.
Chamar ao 651 097 098

Véndese

-Rotoempacadora MORRA Especial 1.200, en bo estado e con documentación no concello de Sobrado dos Monxes (A Coruña).
Chamar ao 981 787 679

Véndese

-Colleitoradora de patacas de dous regos marca GUERRA. Con 5 campañas (800€). Zona Betanzos.
Preguntar por Xesús no teléfono 626 886 645

Véndese

-Vacas e xovencas, raza Frisona. Con carta.
Chamar ao 686 878 699

Véndese

-Rolos de herba seca, en Neira de Rei (Lugo).
Chamar ao 630 906 599

Véndese

-Autocargador KRONE 2900 Turbo
-Coche BMW 316, ano 1994, 210.000 Km (1.800 € negociables). Zona de Oroso (A Coruña).
Chamar aos números de teléfono 981 695 588 ou 616 343 611

Véndese

-Vacas do país, chegadas a parir.
Chamar ao 617 243 526 (Melide)

Véndese

-Emboladora Carraro 1200.
-Rotativa de 2 discos.
Preguntar por Xosé Luís no número 982 450 326. O Saviñao.

Véndese

-Aboadora na zona de Mesía.
Chamar ao número de teléfono 981 694 167

Véndese

-Cisterna 3.000 litros con depresor de 5.000 litros seminova
-Enroladora John Deere 570
-Rotativa Deutz Fahr 1.95
-Autocargador JB 22 m
Todo seminovo. Zona de Lugo.
Chamar aos números de teléfono 982 160 116 e 690 774 565

COMPRAS

Mércanse

-Rolos de herba para unha explotación en Pontecaldelas.
Chamar aos números de teléfono 986 750 347 ou 639 503 815

Mércase

-Desbrozadora para un AGRIA 900 (pequeno). Zona de Oleiros.
Chamar aos números de teléfono 981 663 945 e 666 629 122.

Mércase

-Comedeiro para xatos. Preferiblemente pequeno.
Chamar a Reme ao 687 029 455.

Mércase

-Abono de polos.
Chamar aos números de teléfono 685 884 257 e 982 207 733

OFERTA E DEMANDA EMPREGO

Fanse

-Substitucións de muxido. Zona Sarria-Lugo
Chamar ao 600 622 969

Alúgase

-Explotación de 217.000 quilos de cota. No lugar de Areas, parroquia de Adragonte, concello de Pademe.
Chamar aos números de teléfono 981 797 225 e 695 365 790

Necesítase

-Persoal para traballos con maquinaria na zona de Santiago.
Chamar ao 638 082 772

Necesítase

-Empregado para explotación de leite n'A Pastoriza (Lugo).
Chamar ao 628 616 664

Fanse traballos

-De limpeza de parcelas, agrícolas e de monte por toda a provincia d'A Coruña.
Consúltanos nos teléfonos 686 572 812 e 657 458 610

Busco traballo

-Experiencia en administración e contabilidade de empresas. Disponibilidade para viaxar.
Preguntar por Lorena no teléfono 616 014 551 ou escribir ao enderezo: lorena-bodeal@hotmail.com

Precísase

-Unha persoa para traballar nunha explotación de leite a media xornada no concello de Aranga.
Chamar ao 680 547 556

Ofrécese

-Parella para traballar en explotación agrícola.
Chamar ao 886 113 200

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

*Dende a páxina web www.ceres.org.es
Accede de xeito rápido e sinxelo aos contidos dos
Plans de Desenvolvemento Rural
da túa comunidade autónoma*

ASESORÍA EN DESENVOLVEMENTO RURAL



CERES
CONFEDERACIÓN DE MUJERES
DEL MUNDO RURAL

Avanzando en igualdad



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO